



Concello de Oza-Cesuras

SAN XOAN 2026

D./D^a, _ , maior de idade, veciño/a de Oza-Cesuras, con domicilio no lugar de _ , provisto de DNI núm. _____, en nome propio,

COMUNICA:

Que, con motivo da celebración de SAN XOAN ten a intención de facer unha lumeirada/churrascada/sardiñada no terreo que seguidamente se sinala e nas condicións que se especifican:

DATA E HORARIO	23/06/2026 DENDE AS _ H ATA AS _ H
LUGAR - PARROQUIA	
REFERENCIACATASTRAL	
PERSOA RESPONSABLE	O SOLICITANTE
TELEFONO DE CONTACTO DO RESPONSABLE (*)	
MATERIAL A QUEIMAR	LEÑA

(*) *O responsable responsabilízase de avisar á autoridade ou aos servizos de emerxencia*

Para estes efectos declara que o lugar onde se pretende realizar a fogueira conta con infraestruturas apropiadas para tal fin, comprometéndose a adoptar as seguintes MEDIDAS DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN:

- a) MEDIOS PERSOAIS: A organización comprométese a destinará a 2 persoas colaboradoras para que se dediquen exclusivamente e durante todo o tempo en que dure a lumeirada, a labores de vixilancia e control da fogueira.
- b) MEDIOS MATERIAIS: A organización comprométese a ter alí, ao pé da lumeirada, a seguinte dotación: Ao pé da fogueira haberá unha manguera conectada á traída municipal de auga

Igualmente comunica que se comprometen a adoptar as seguintes medidas de seguridade e prevención de incendios forestais e normas e recomendacións das autoridades sanitarias.

- 1.- O lugar de ubicación non suporá perigo para persoas e bens.
- 2.- Se sinalará unha persoa responsable e un número de teléfono de contacto, debéndose responsabilizar de avisar á autoridade ou aos servizos de emerxencia.
- 3.- Porase especial coidado de non situar as fogueiras baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, separando as fogueiras dos mesmos así como das leñas apiladas e se comprobará que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.



Concello de Oza-Cesuras

- 4.- Ten a obriga de ter limpo un radio de 5 metros ao arredor da fogueira así como ter cerca unha manguera ou outros medios para o debido control da mesma, no caso de ser necesario.
- 5.- A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros, excepto no núcleo urbano.
- 6.- Ao lado da fogueira haberá auga suficiente para extensión do lume e apagado total da mesma (mangueiras con auga da traída, pozo ou cisternas)
- 7.- Deberá de terse a debida precaución de non situarse no lado oposto ao vento.
- 8.- Está terminantemente prohibido facer a fogueira no asfalto.
- 9.- O desenvolvemento da celebración das fogueiras deberá axustarse ao título administrativo habilitante e ás ordenanzas municipais.
- 10.- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- 11.- En zona urbana, o volume de combustible da fogueira non sobrepasará os 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- 12.- En zona rural, o volume do combustible da fogueira non sobrepasará os 3 metros de perímetro/diámetro nin os 3 metros de altura.
- 13.- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fumes tóxicos.
- 14.- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- 15.- A hora límite para rematar a celebración é as 4:00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para celebrar festas e romarías populares.
- 16.- Será obrigatorio limpar o espazo autorizado ao rematar a actividade, incluídos os elementos utilizados para desenvolvela, inmediatamente despois de rematar a celebración.
- 17.- Ao finalizar a lumeirada e antes de abandonar o seu lugar de celebración, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- 18.- A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empando os restos totalmente con auga.
- 19.- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.



Concello de Oza-Cesuras

20.- Nas fogueiras que se celebren en espazos públicos terán prioridade as

asociacións veciñais e culturais. 21.- As organizacións atenderán as

indicacións de Protección Civil.

22.- Lembre, en caso de perigo ou incendio chame ao **085** ou **112** (chamada gratuita)

23.- O/A solicitante será sempre responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

24.- O petionario consultará o índice de risco diario de incendio forestal na seguinte páxina web: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/irdi> para axustarse á súa actuación o dito índice.

25.- Non se permiten as lumeiradas, barbacoas e sardiñadas en pistas deportivas, prazas, plazas, parques, zonas verdes municipais, espazos públicos, e demais bens de dominio público non idóneos para a dita finalidade.

26.- O título administrativo habilitante preséntase sen prexuízo de calquera outra autorización concorrente e non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de producirse un incendio polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia así como incumprimento das medidas de seguridade e prevención de incendios forestais e normas e recomendacións das autoridades sanitarias.

Oza-Cesuras, de xuño de 2026

(sinatura)



Concello de
Oza-Cesuras

Concello de Oza-Cesuras

A presente comunicación deberá preentarse no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, no Centro Social de Maiores, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras ou telemáticamente na sede electrónica deste concello con certificado dixital, ou por calquera dos medios que prevé o art. 16,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas antes das 14:00 horas do 20 de xuño de 2026.